

## OS CAIMÁNS VAN DE PASEO UN ALFABETO

Ilustracións de MAURICE SENDAK

Versión de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 12,7 x 17,7 cm. 32 páx. 10 €.

**Os caimáns van de paseo. Un alfabeto** (galego)  
ISBN 978-84-8464-299-2. Tras os montes.

**Lluvia de cocodrilos. Un alfabeto** (castelán)  
ISBN 978-84-8464-298-5. Clásicos contemporáneos.

**Aquí arriben com abans. Abecedari** (catalán)  
ISBN 978-84-8464-357-9. Clásicos contemporáneos.

**Vida de crocodilo. Um alfabeto** (portugués)  
ISBN 978-989-749-083-5. Clásicos contemporáneos.

A *Aquí chega, con gabáns,  
a familia dos caimáns.*

## O UN ERA XOÁN LIBRO DOS NÚMEROS

Ilustracións de MAURICE SENDAK

Versión de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 12,7 x 17,7 cm. 48 páx. 10 €.

**O un era Xoán. Un libro para contar** (galego)  
ISBN 978-84-8464-301-2. Tras os montes.

**El uno era Juan. Libro de los números** (castelán)  
ISBN 978-84-8464-300-5. Clásicos contemporáneos.

**Un és en Jan. Llibre de fer comptes** (catalán)  
ISBN 978-84-8464-356-2. Clásicos contemporáneos.



**João e mais oito. Um livro para contar** (portugués)  
ISBN 978-989-749-082-8. Clásicos contemporáneos.

1 *era Xoán,  
que vivía tranquilo.*      2 *era o rato,  
que saltou con estilo.*

Estes clásicos de Maurice Sendak, de 1962, chegan aos nosos días con toda a frescura e o humor. “Os caimáns van de paseo” é un sorprendente alfabeto protagonizado por unha familia de cocodrilos que, a través de situacións moi diversas, vannos descubriendo as letras. De paseo, disfrazados, cociñando ou xogando, cada estrofa rimada comeza sucesivamente polo A, o B, o C... describindo a escena representada en cada páxina.

“O un era Xoán” presenta un neno absorto na lectura dun libro, ata que se sobresaleta coa repentina chegada de varios animais e con inesperados acontecementos que interrompen bruscamente a súa soidade. El é o primeiro dunha cadea que, ata o número 10, suma o rato, o gato, o can e outros personaxes rebuldeiros. Trala enumeración en sentido ascendente, Xoán decide recobrar a tranquilidade e, un a un, vains despedindo en orde inversa.

Divertidas e expresivas, cunha reducida paleta de cores, as imaxes poñen o foco nos xestos e actitudes dos personaxes. Xunto con “O un era Xoán, un libro para contar” e “Os caimáns van de paseo, un alfabeto” a serie segue con “Miguel, conto exemplar en cinco capítulos e un prólogo” e “Sopa de polo con arroz, libro dos meses”. Enxeñosa e irreverente, foi distinguida pola Asociación de Bibliotecas Americanas e o propio autor fixo unha adaptación para o musical *Really Rosie* de 1975, interpretado por Carole King.




- **Temática:** os números do 1 ao 10, e en orde inversa; as letras, o abecedario.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** do autor de “Onde viven os monstros” e outros clásicos; rimas, humor.

### Maurice Sendak

(Brooklyn, Nova York, 1928 - Connecticut, 2012)

Dende 1951 realizou máis de 90 libros infantís, unha prestixiosa traxectoria pola que recibiu en 1963 a Caldecott Medal, en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o Goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 concedéronlle o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, compartido coa autora austríaca Christine Nöstlinger. Estudou Pintura e Debuxo na Art Students League de Nova York. Impulsou unha auténtica revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros.



**B** Brincadeira con globos,  
o pequeno estoupa todos.



**C** Catarreira familiar,  
tose e mocos sen parar.



**3** era un gato,  
que entrou de repente.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com